



**Resolución do 17 de xaneiro de 2020, da Dirección Xeral de Administración Local, pola que se aproba a relación de candidatos que deben realizar a proba eliminatoria de galego ao participar no concurso unitario de provisión de postos de traballo reservados a funcionarios con habilitación de carácter nacional e non acreditar o coñecemento do galego.**

De acordo co disposto na base quinta da Resolución do 28 de outubro de 2019, da Dirección Xeral da Función Pública do Ministerio de Política Territorial e Función Pública, pola que se convoca o concurso unitario de provisión de postos de traballo reservados a funcionarios con habilitación de carácter nacional (BOE nº 268, do 7 de novembro), en aplicación do artigo 3 do Decreto 103/2008, do 8 de maio, polo que se regula o coñecemento do galego nos procedementos para a provisión de postos de traballo reservados a funcionarios/as con habilitación de carácter nacional no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, os/as concursantes que non acrediten estar en posesión do Celga 4 ou equivalente, participarán nunha proba de galego eliminatoria.

Unha vez examinadas as solicitudes presentadas polas persoas participantes no concurso,

**RESOLVO:**

Aprobar a lista de participantes no concurso unitario que deberán realizar a proba de galego eliminatoria que se celebrará o vindeiro día 31 de xaneiro de 2020, ás 10:00 horas, na Escola Galega de Administración Pública, na aula nº 11 (primeira planta):

<b>Persoas convocadas proba galego</b>
BLANCO GIRÓ, JESÚS
ESPINOSA BARRASA, M <sup>a</sup> TERESA
LAMELAS SOTO, SILVIA

As persoas convocadas deberán ir provistas do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo da Comisión

Non se permitirá o acceso ao lugar da proba con teléfono móbil, axendas ou demais dispositivos de carácter electrónico.

Santiago de Compostela

A directora xeral de Administración Local  
(Documento asinado electronicamente)  
Marta Fernández-Tapias Núñez

